



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Aprobación do padrón fiscal das taxas polo servizo de abastecemento de auga, saneamento e canon de auga do cuarto trimestre de 2020

ANUNCIO

APROBACION DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON DE AUGA.-

Na Xunta de Goberno Local ordinaria que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2022, por unanimidade dos asistentes acordouse o seguinte:

1.- Aprobar o padrón das taxas polo servizo de abastecemento de auga, saneamento e canon da auga correspondente ao cuarto trimestre 2020.

2.- Expor ó público todos os datos incorporados ó Padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no BOP e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.- Establecer como período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 28/12/2020 ó 28/02/2021. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e o recargo que legalmente procedan, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria.

4.- A falta de pagamento en período voluntario do canon da auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía e constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo de 1 mes dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón.

4.- Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón todos os interesados poderán interpor recurso de reposición ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Tordoia, 22 de xaneiro de 2021

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2021/667